

16

ENCONTRO GALEGO DE *ilustración*

**Jon Juárez
Inês Silva
Javirroyo**

**Marta Madureira
Cátia Vidinhas**

**Presenta
Neves Rodríguez**



Ilustración: Jon Juárez (Harrtorrihar)

27 e 28 de setembro 2019

SANTIAGO DE COMPOSTELA Auditorio de Galicia + Unitaria



agpi.es/encontro

16 Encontro Galego de Ilustración

Nesta edición número dezaseis, o Encontro trae de novo a Compostela unha escolma da ilustración máis interesante da Península: botamos unha ollada a autores que traballan en lugares tan diferentes como o País Vasco, Portugal ou Cataluña.

O puxante panorama da ilustración do país luso (tan próximo e ao mesmo tempo tan descoñecido en Galicia) terá especial destaque: coñeceremos non só a perspectiva dos seus creadores e creadoras, senón tamén a da prestixiosa axencia portuguesa Illustropia. Este paseo pola escena da ilustración portuguesa forma parte dunha estratexia de achegamento da AGPI á realidade do país veciño, na que xa están en marcha intercambios e colaboracións con iniciativas como o Encontro Internacional de Ilustración de São João da Madeira.

Ademais, un obradoiro con Javirroyo, unha sesión de revisión de portafolios e unha actividade lúdica (a Sesión DJ Ilustrada) completan o programa deste ano. Como sempre, todas as persoas interesadas na ilustración e a creatividade gráfica estades convidadas a asistir.

Ilustración: Jon Juárez (Harrigorrihar)





Jon Juárez (Harriorrihar):

«DEBUXAR COMA UN ROBOT, PENSAR COMA UN HUMANO. NESA ORDE»

Sábado 28, 11:00, entrada libre e gratuita

Auditorio de Galicia – Sala Mozart | Av. do Burgo das Nacións, s/n, 15704 Santiago de Compostela

Jon Juárez (Pamplona-Iruña, 1983) é dono dun rico universo gráfico onde a liña clara acada tons tan realistas como irrealis. Tras estudar animación e modelaxe 3D en Barcelona, publicou un feixe de historias curtas de BD en diferentes revistas nacionais e internacionais, coas que gañou en 2012 o Premio Injuve de Cómic. Ten colaborado con músicos como Ángel Stanich, e traballou en producións audiovisuais como *Angry Birds* ou *Another Day of Life*, un documental de animación sobre Kapuscinski, gañador dun Goya e un EFA. En 2018, recibiu a bolsa da Maison des Auteurs de BD de Angoulême. Vén de traballar como *creativo* coa empresa Alpha, explorando posibilidades tecnolóxicas e deseñando futuros especulativos.

harriorrihar.myportfolio.com





Javirroyo: «A MÁQUINA DO TEMPO»

Sábado 28, 19:00, entrada libre e gratuita

Auditorio de Galicia – Sala Mozart | Av. do Burgo das Nacións, s/n, 15704 Santiago de Compostela

O traballo de **Javirroyo (Zaragoza, 1972)** é sinónimo de enxeño, frescura e eficacia comunicativa. É o creador da BD *La Cebolla Asesina*. Ten colaborado en publicacións como *El País*, *Interviú*, *El Semanal*, *Visual* ou *El Virus Mutante* e para editoriais como Edelvives ou Santillana. É fundador e editor do blog de humor gráfico *elestafador.com*. Entre os seus libros destacan *Martin Berasategui* y *David de Jorge* (Penguin Random House, 2015), co que obtivo un Premio Junceda de Ilustración; *La escuela* (Foundawtion, 2017) e *Life is Sho* (Chispum, 2019). Baixo a marca Chispum comercializa vinilos ilustrados por el mesmo e outros ilustradores de renome. Na charla falará do seu punto de vista acerca de como viviu a ilustración desde que comezou.

javirroyo.com



Inês Silva:

«MARKETING E VENDA DO TRABALLO CREATIVO NO MERCADO INTERNACIONAL»

Sábado 28, 12:45, entrada libre e gratuita

Auditorio de Galicia – Sala Mozart | Av. do Burgo das Nacións, s/n, 15704 Santiago de Compostela

Inês Silva (Lisboa, 1973). En 2009 fundou con Carlos Praça a axencia de ilustración *Illustopia*, que representa máis de 50 artistas portugueses e internacionais. A axencia está centrada desde o inicio na internacionalización dos talentos que representa. Tamén fundou a axencia literaria *ByRights Agency*, especializada en libros infantís. En 2016 foi comisaria da exposición colectiva *Portugal Ilustrado*. Na súa charla, falará sobre o funcionamento das axencias de ilustración e as claves para acceder ao mercado internacional

illustopia.com

Obradoiro de ilustración con Javirroyo

«Mapas ilustrados para amosar o mundo da túa cabeza»

Venres 27, 16:00-18:00, con inscrición previa

Unitaria | Calzada de San Pedro, s/n, 15703 Santiago de Compostela

Neste obradoiro, Javirroyo amosaranos as posibilidades do debuxo de mapas ilustrados, tanto como ferramenta narrativa como para a transmisión de conceptos. Aprende a sintetizar ideas e comunicalas con ilustracións sinxelas. «Menos é máis cando queres conectar con moita xente á vez».



Ilustración: Javirroyo

Prazas limitadas. Inscrición: 15 euros (socios da AGPI: 5 euros)
Inscricións ata esgotar as prazas en agpi.es/encontro

Revisión de portafolios con Inês Silva e Marta Madureira

Sábado 28, 16:00, con inscrición previa

Auditorio de Galicia | Av. do Burgo das Nacións, s/n, 15704 Santiago de Compostela

Sesións de dez minutos por ilustrador. Prazas limitadas.

Inscricións gratúitas ata esgotar as prazas en agpi.es/encontro

Festa fin de Encontro Sesión DJ Ilustrada

Sábado 28, 23:00, entrada libre e gratuíta

Camalea | Praza de San Martiño, 4, 15704 Santiago de Compostela

Sesión do DJ Pablo Electrocute, con proxección de debuxo en directo a cargo de varios ilustradores.

Panel de experiencias Mesa redonda +

«Ilustración en Portugal»

Sábado 28, 17:00, entrada libre e gratuita

Auditorio de Galicia – Sala Mozart

Av. do Burgo das Nacións, s/n, 15704 Santiago de Compostela

Despois do panel de experiencias, a cargo das ilustradoras **Marta Madureira** e **Cátia Vidinhas**, mesa redonda sobre o panorama actual da ilustración no país veciño, coas dúas ilustradoras e mais **Inês Silva**, da axencia Illustopia.



Marta Madureira

Marta Madureira

Marta Madureira (Porto, 1977) é deseñadora de comunicación, ilustradora e docente. Imparte ilustración na Licenciatura de Deseño Gráfico e no Mestrado de Ilustración e Animación no Politécnico do Cávado e do Ave. Foi distinguida co 1.º premio 3x3 Magazine of Contemporary Illustration en 2012 e seleccionada no catálogo White Ravens en 2016. Conta con máis de 20 libros infantís ilustrados con textos dos máis representativos escritores portugueses. É fundadora, xunto con Adélia Carvalho, da editora Tcharan.



Cátia Vidinhas

Cátia Vidinhas

Cátia Vidinhas (Portugal, 1989) formouse no Politécnico do Cávado e do Ave e na Facultade de Belas Artes do Porto. Colaborou con diversas axencias de deseño e publicidade e co estudio de animación Bando à Parte. Publicou os álbums *Os cavalos de Santiago* (2012), *Nadav* (2012) e *Figura de Urso / Haciendo el oso* (2015). En 2015 recibiu o Prémio Nacional da Ilustração co libro *WonderPorto*, e en 2017 o premio Golden Pinwheel Young Illustrators co libro *Infâncias*.

[instagram.com/catiavidinhas](https://www.instagram.com/catiavidinhas)



Neves Rodríguez

A presentadora do Encontro Neves Rodríguez

Actriz e presentadora, ten participado en diversas series de televisión e en obras de teatro como *Invisibles* (Redrum Teatro, 2018). Obtivo o Premio Mestre Mateo á mellor comunicadora en 2018 polo seu traballo no programa *Vaia troula!* Entre 2014 e 2018 conduciu o programa radiofónico *Metrópoles delirantes*, dedicado á banda deseñada.

<http://aaag.gal/catalogo/nieves-rodriguez>



ENCONTRO GALEGO DE
ilustración

**venres 27
e sábado 28
de setembro
2019**

Venres 27 de setembro

Unitaria | Calzada de San Pedro, s/n, 15703 Santiago de Compostela

16:00 Obradoiro de ilustración con Javirroyo

«Mapas ilustrados para amosar o mundo da túa cabeza»

Prazas limitadas. Inscripción: 15 euros (para socios da AGPI: 5 euros)

Inscripcións ata esgotar as prazas en agpi.es/encontro

Sábado 28 de setembro

Auditorio de Galicia – Sala Mozart | Av. do Burgo das Nacións, s/n,
15704 Santiago de Compostela

Entrada libre e gratuíta

Mañá

10:45 Presentación

11:00 Charla con Jon Juárez (Harriorrihar):

«Debuxar coma un robot, pensar coma un humano. Nesa orde»

12:45 Charla con Inês Silva:

«Marketing e venda do traballo creativo no mercado internacional»

Tarde

16:00 Revisión de portafolios con Inês Silva e Marta Madureira

Con inscrición previa

17:00 Panel de experiencias + mesa redonda: **«Ilustración en Portugal»**

Con Marta Madureira, Cátia Vidinhas e Inês Silva.

19:00 Charla con Javirroyo: **«A máquina do tempo»**

Noite

Camalea | Praza de San Martiño, 4, 15704 Santiago de Compostela

23:00 Festa fin de Encontro: **Sesión DJ Ilustrada**

Sesión do DJ Pablo Electrocute, con proxección de debuxo en directo a cargo de varios ilustradores.

16

ENCONTRO GALEGO DE *ilustración*

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Auditorio de Galicia + Unitaria

**venres 27 e sábado 28
de setembro
2019**

Organiza:

agpi.es/encontro



AGPI é membro de:



Coa colaboración de:



Co apoio de:



Equipo técnico:

Dirección: Manel Cráneo

Secretaría técnica e produción: Alberto Guitián, Henrique Torreiro, Dani Xove

Deseño gráfico: Julio Marta – A Casa Ateigada

Ilustración do cartel: Jon Juárez (Harriorrihar)

Depósito legal: C 1617-2019

